

El Prognóstico 4/3/18



Promoción 50-56 do Masculino

Unha quincena de integrantes da promoción de 1950-56 do antigo Instituto Masculino de Lugo celebraron a súa comida anual de confraternidade, este ano co restaurante Miraz como punto de encontro. Antes de sentarse diante dunha boa mesa, estes antigos compañeiros de aulas acudiron a unha eucaristía que tivo lugar na capela da Virxe dos Ollos Grandes da capital lucense. Como é habitual nestas xuntanzas, os asistentes lembraron mil e unha anécdotas daqueles anos de mocidade compartidos, e tamén se puxeron ao día sobre o sucedido nas súas vidas ao longo deste último ano.